

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 5 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE).

Por Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 10 de maio de 2011 aprobáronse as bases reguladoras das axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes. A través destas axudas a Secretaría Xeral da Igualdade pretende apoiar o desenvolvemento de programas específicos para as mulleres que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade así como tamén o desenvolvemento de recursos especializados e programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos/as menores de tres anos, todo iso co obxectivo prioritario da promoción da igualdade entre mulleres e homes.

En consecuencia, mediante esta resolución procédese a convocar para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes. Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño), no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG número 20, do 29 de xaneiro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG número 214, do 5 de novembro), no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 18 de outubro de 2011, e no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro) e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE número 176, do 25 de xullo), e na Resolución do 10 de maio de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes (*Diario Oficial de Galicia* número 96, do 19 de maio de 2011).

Esta convocatoria tramítase como expediente anticipado de gasto ao abeiro do disposto no artigo 1.1.º da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998,

polo que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (DOG número 34, do 19 de febreiro) modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG número 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG número 209, do 29 de outubro), ao existir crédito axeitado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2011.

Por todo o exposto, no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta resolución ten por obxecto convocar para o ano 2012, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas e subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, a través dos seguintes tipos de programas:

a) Mantemento de centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día) nos que se ofrece asistencia básica (aloxamento, manutención) e programas de apoio ás mulleres en situación de exclusión especial.

b) Recursos integrais específicos para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos e/ou fillas menores de tres anos que conteñan actuacións dos tipos que se indican e semellantes:

- De información sobre recursos existentes para elas e os seus fillos e fillas.
- De acompañamento social con medidas de apoio psicolóxico para superación de cargas emocionais provocadas pola situación de embarazo ou maternidade.
- De orientación, asesoramento e busca de emprego.
- De adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal.
- De medidas de apoio urgente.

c) Recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social (reclusas, ex-reclusas, drogodependentes).

d) Recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección (anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, pertencentes a minorías étnicas).

e) Recursos integrais de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

f) Aqueles outros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no ámbito desta resolución.

2. As bases reguladoras polas que se rexerán estas axudas foron aprobadas por Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 10 de maio de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* número 96, do 19 de maio).

Artigo 2. *Entidades beneficiarias.*

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos e compromisos establecidos nas bases reguladoras aprobadas pola Resolución do 10 de maio de 2011 e que estean inscritas na área de igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. Os requisitos para seren beneficiarias deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3. *Financiamento.*

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destinarase un orzamento total de 889.777,00 euros que se imputará á aplicacións orzamentaria que se indica, podendo estar cofinanciadas ao 80% con fondos FSE no Programa Operativo de Galicia 2007-2013, eixe 2, tema prioritario 71.

Aplicación	Código proxecto	Importe
04.40.313B.481.2	2012 00093	889.777,00 euros

2. De acordo co disposto no artigo 30.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo; e no suposto previsto no artigo 25.3 do dito regulamento. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias sinaladas

e, se é o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

3. Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto. Deste xeito, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

Artigo 4. *Prazo e presentación de solicitudes.*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. As solicitudes presentaranse, preferentemente, ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia mediante sinatura electrónica do/a representante legal da entidade solicitante, tendo que cumprir os requisitos de presentación electrónica que se definen no punto seguinte, en aplicación do establecido no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Así mesmo, tamén se poden presentar en soporte papel nos rexistros da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ao Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia accédese a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>, directamente ou tamén a través do portal www.xunta.es

3. Os requisitos para a presentación electrónica son os seguintes:

– Será necesario que o/a presentador/a da solicitude sexa a persoa física que posúa a representación legal da entidade solicitante e como tal figure identificado/a nos formularios normalizados de solicitude.

– O/a presentador/a deberá posuír algún dos seguintes certificados:

a) DNI electrónico, conforme o disposto no Real decreto 1586/2009, do 16 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.

b) Certificado electrónico en vigor baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, conforme o disposto no Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

c) Calquera outro certificado dixital aceptado polo Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

Os certificados deben ter exclusivamente atributos de persoa física pola que se acredita a vontade da dita persoa física e non serán válidos aqueles certificados electrónicos que ademais están vinculados a persoas xurídicas xa que a vontade da persoa xurídica está limitada nestes certificados a un determinado alcance, por exemplo, para fins tributarios.

4. As entidades presentarán unha única solicitude acompañada da documentación establecida no artigo 5 das bases reguladoras. Aos formularios normalizados de solicitude, que se publican como anexos desta resolución, xuntarase o documento referido na letra h) e, de ser o caso, os indicados nas letras e), f), g), l) do número 2 do artigo 5 das bases reguladoras.

Cando se presente a través do rexistro electrónico estes documentos achegaranse en copias dixitalizadas anexados á solicitude.

Artigo 5. Instrución, avaliación e resolución do procedemento.

A instrución, avaliación e resolución do procedemento axustarase ao establecido nas bases reguladoras destas axudas. O prazo para resolver será de catro meses, que se

computará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6. Lugar e prazos de presentación da xustificación.

Para a xustificación das axudas concedidas, as entidades presentarán, con data límite do 30 de novembro de 2012 e nos lugares indicados no artigo 4 desta convocatoria, a documentación que sinala o artigo 16 das bases reguladoras.

Artigo 7. Información ás persoas interesadas.

Sobre o procedemento administrativo asociado a esta resolución, que ten o código SI427A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nos servizos de igualdade das xefaturas territoriais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <http://www.xunta.es/resultados-da-guia-de-procedementos>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <http://www.mulleresengalicia.es>, do teléfono 881 99 92 33 así como no enderezo electrónico promocion.igualdade@xunta.es, ou presencialmente.

Disposición derradeira primeira.

Para os efectos desta convocatoria substitúense os formularios normalizados de solicitudes publicados como anexos II, III, IV, V, VI, VII e VIII da Resolución do 10 de maio de 2011, polos que se publican con esta resolución, mantendo a súa vixencia os anexos IX e X.

Disposición derradeira segunda.

A secretaria xeral da Igualdade ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Disposición derradeira terceira.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2012.

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade



ANEXO II



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA CENTROS, PROGRAMAS PARA XESTANTES E OUTROS RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI427A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

DON/DONA		DNI/NIF	
EN CALIDADE DE		TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

EXPÓN

Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se mostra nos documentos que se achegan e con expresa aceptación de todos os termos expresados na resolución correspondente, SOLICITA subvención ao abeiro do seguinte programa:

PROGRAMA	CUSTO DA ACTUACIÓN SOLICITADA	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Art. 1.1 a) MANTEMENTO DE CENTROS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA		
Art. 1.1 b) PROGRAMA DE RECURSOS INTEGRAIS PARA XESTANTES E LACTANTES		
Art. 1.1 c) PROGRAMA DE RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE RISCO OU PROCESO DE EXCLUSIÓN		
Art. 1.1 d) PROGRAMA DE RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL PROTECCIÓN		
Art. 1.1 e) PROGRAMA DE RECURSOS INTEGRAIS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
Art. 1.1 f) OUTROS		
TOTAL		

DECLARA que presta expresamente o seu consentimento á Secretaría Xeral da Igualdade para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, publique as subvencións concedidas no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial, e inclúa as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos rexistros públicos correspondentes con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.
 E DECLARA que coñece que a obtención de axuda comunitaria implica a aparición na lista pública de persoas beneficiarias, na que figuran os datos de identidade ou denominación social, das operacións e da contía de fondos públicos asignada a cada operación, que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGO 5 DAS BASES REGULADORAS)

1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta secretaria xeral como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución do 10 de maio de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes.

- Resolución do 5 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE).

SINATURA DO/DA REPRESENTANTE DA ENTIDADE E SELO

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAIDA

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE. EDIFICIO ADMTVO. SAN LÁZARO, S/N, 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)



ANEXO III



EXPEDIENTE

PROCEDIMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA CENTROS, PROGRAMAS PARA XESTANTES E OUTROS RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI427A	DOCUMENTO SOLICITUDE-CERTIFICADO
--	---	--

Don/a _____ con DNI/NIF _____ ,
 secretario/a da entidade _____

CERTIFICO
 Que o _____ da entidade, con data _____ adoptou o seguinte ACORDO:
(indicar o órgano competente)

1.- SOLICITAR as seguintes axudas:

1.ª OPCIÓN
 nome específico do programa _____
 Punto do artigo 1 das bases reguladoras ao que se acolle a solicitude _____

TIPO DE AXUDA SOLICITADA

axuda por ocupación, número de mulleres atendidas no centro nos doce meses anteriores ao mes de publicación desta convocatoria: _____

incentivo á contratación de profesionais da acción social

subvención para gastos correntes e de persoal

colectivo atendido: _____ ORZAMENTO _____ AXUDA QUE SOLICITA _____

2.ª OPCIÓN
 nome específico do programa _____
 Punto do artigo 1 das bases reguladoras ao que se acolle a solicitude _____

TIPO DE AXUDA SOLICITADA

axuda por ocupación, número de mulleres atendidas no centro nos doce meses anteriores ao mes de publicación desta convocatoria: _____

incentivo á contratación de profesionais da acción social

subvención para gastos correntes e de persoal

colectivo atendido: _____ ORZAMENTO _____ AXUDA QUE SOLICITA _____

2.- DESIGNAR para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade en todo o relativo a esta axuda a
 don/dona _____
 que ocupa o (cargo/posto) _____

3.- FINANCIAR o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

_____, de _____ de _____

Secretario/a da entidade _____ Visto e prace
 Representante legal da entidade _____

(sinatura do/a secretario/a da entidade e selo) _____ (sinatura do/a representante legal) _____

 SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
 EDIFICIO ADMITVO. SAN LÁZARO, S/N, 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO IV



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA CENTROS, PROGRAMAS PARA XESTANTES E OUTROS RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES	SI427A	SOLICITUDE- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/a con DNI/NIF
en representación da entidade NIF

DECLARO QUE esta entidade

- Cumple todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta resolución e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Está de acordo coas actuacións de control e supervisión destas axudas que leven a cabo o Fondo Social Europeo, a Unidade Administradora do FSE do Ministerio de Traballo e Inmigración e do órgano concedente.
- Fai uso non sexista da linguaxe en todas as súas formas de expresión e comunicación.
- Comprométese a que as actuacións subvencionadas sexan desenvolvidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero.
- Comprométese SI NON ao emprego da lingua galega nas relacións coa Administración concedente e en todos os elementos/actividades ou condutas que deriven das actuacións subvencionables. (art. 20 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia).

Lugar e data _____ de _____ de _____
Representante legal da entidade

(sinatura e selo)

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
EDIFICIO ADMTVO. SAN LÁZARO, S/N, 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO V



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA CENTROS, PROGRAMAS PARA XESTANTES E OUTROS RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI427A	DOCUMENTO SOLICITUDE- DECLARACIÓN DE AXUDAS
--	----------------------------------	---

É OBRIGADO PRESENTAR UN ANEXO V POR CADA PROGRAMA QUE SE SOLICITE

Don/a con DNI/NIF

en representación da entidade NIF

DECLARO que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para as actuacións previstas nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nesta resolución, son as seguintes:

NINGUNHA OUTRA AXUDA OU SUBVENCIÓN

OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS:

CONCEPTO DA AXUDA	S / C / P (1)	IMPORTE €	% (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE e NORMATIVA REGULADORA (3)

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)
 (2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total
 (3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial

Asinado: _____
 (sinatura e selo entidade)

Lugar e data _____ de _____ de _____

SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE EDIFICIO ADMTVO. SAN LÁZARO, S/N, 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

CVE-DOG: 880tm3n9-rkr8-ejo9-79p5-tgmx2ebboqv8





XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO VI



UNIÓN EUROPEA
 FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

EXPEDIENTE


PROCEDIMIENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA CENTROS, PROGRAMAS PARA XESTANTES E OUTROS RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI427A	DOCUMENTO SOLICITUDE- ORZAMENTO
---	---	--

É OBRIGADO PRESENTAR UN ANEXO VI POR CADA PROGRAMA QUE SE SOLICITE

TEMPORALIZACIÓN DA ACCIÓN			
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA			
DATA INICIO de realización do programa			
DATA FINALIZACIÓN do programa			
PROGRAMA DE FINANCIAMENTO			IMPORTE
FONDOS PROPIOS			
COFINANCIAMENTO SOLICITADO NESTA CONVOCATORIA			
COFINANCIAMENTO DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS			
OUTROS			
TOTAL (coincidente co orzamento total)			
ORZAMENTO DE GASTOS			
No caso de imputación parcial de gastos, a súa admisión queda condicionada ao criterio para o cálculo da porcentaxe ou contía imputada que xustificada e razoadamente a entidade estableza na memoria. Cando se inclúan gastos por desprazamentos, alimentación, vestiario e outros similares, a súa admisión queda condicionada á motivación e xustificación con sistema de cálculo que a entidade estableza na memoria.			
GASTOS DE PERSOAL, desagregar na memoria os gastos de persoal por cada contrato indicando as retribucións salariais e as cotizacións sociais			
	PERÍODO DE CONTRATACIÓN IMPUTADO	ORZAMENTO TOTAL	ORZAMENTO IMPUTADO
PERSONAL LABORAL			
SERVIZOS PROFESIONAIS			
GASTOS CORRENTES DO PROGRAMA, indicar gasto concreto			
MATERIAL FUNXIBLE E ESPECÍFICO			
PUBLICIDADE			
SUBMINISTRACIÓNS AUGA, ELECTRICIDADE, TELÉFONO, ETC.			
ALUGAMENTOS			
LIMPEZA, ALIMENTACIÓN, VESTIARIO, ETC.			
SEGUROS			
OUTROS GASTOS CORRENTES ESPECÍFICOS DO PROGRAMA, indicar gastos concretos			
TOTAL GASTOS PREVISTOS			
O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE			
Asinado:			
(sinatura e selo)			
Lugar e data			
, de de			

SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE EDIFICIO ADMTVO. SAN LÁZARO, S/N, 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)





ANEXO VII

XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral da Igualdade

PROCEDIMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO PARA CENTROS, PROGRAMAS PARA XESTANTES E OUTROS RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI4274	DOCUMENTO SOLICITUDE-DECLARACIÓN DE ACTUACIÓNS PREVIAS
--	---	--

É OBRIGADO PRESENTAR UN ANEXO VII POR CADA PROGRAMA QUE SE SOLICITE

Don/a	con DNI/NIF		en representación da entidade		NIF	
DECLARO que as actuacións relacionadas co programa (indicar denominación)						
ANO	Identificación da actividade	Lugar e datas de realización	N.º de horas	N.º de mulleres participantes	Descripción do contido (Obxectivos, contidos impartidos e outros datos de interese)	

Lugar e data

_____, de _____ de _____

O/A representante da entidade

Asinado:



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE axuda ao teu futuro"

EXPEDIENTE

ANEXO VIII

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

PROCEDIMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA CENTROS, PROGRAMAS PARA XESTANTES E OUTROS RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO S1427A	DOCUMENTO SOLICITUDEXUSTIFICACIÓN- CERTIFICACION DE PERSONAL
--	---	--

Don/a _____ (cargo) _____
 CERTIFICO que o custo previsto/efectivamente realizado do persoal para o que se solicita axuda por incentivo correspondente ao programa _____ é o seguinte:

PERSONA OCUPANTE DO POSTO Nome e apelidos e DNI/NIE	CÓDIGO DO CONTRATO	GRUPO PROFESIONAL	DURACIÓN CONTRATO (ANOS-MESES)	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	REQUISITOS DO POSTO	DATA ALTA	RETRIBUCIÓNS INTEGRAS (A)	COTIZACIÓNS SOCIAIS (B)	MESES IMPUTADOS	CUSTO TOTAL (A+B)
TOTAL										

Na fase de solicitude esta certificación corresponde ao custo previsto e na fase de xustificación corresponde ao gasto efectivamente realizado

E, para que conste ante a Secretaría Xeral da Igualdade, para os efectos desta subvención, asino esta certificación con data _____ de _____ de 2011

Asinado:

Asinado:

Visito e prace (representante da entidade)